

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/38/2020	GOB14I0JS
5E4U3J3N0V6Q2S2X09FE	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do cinco de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, e con motivo do Estado de Alarma declarado para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e en virtude do acordo plenario adoptado na sesión do 26 de marzo de 2020 relativo á posibilidade de celebración telemática das sesións dos órganos representativos e de goberno deste Concello, celébrase coa asistencia efectiva da Sra. alcaldesa e dos Sres. Romero Franco e Pita Breijo e de xeito non presencial, por videoconferencia, coa dos/das demais concelleiros/as, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### **2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE DÚAS LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN..-**

(...) **PROPOSTA PRIMEIRA.- EXP. LPO-14/2019.-** (...)

**PRIMEIRO:** Outorgar a Fra\*\*\*\*co \*\*\*\*ier R\*\*o \*\*\*\*ntes (3\*.6\*\*\*56-Y), licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita no Lg. Sobecos s/n - Castro (Ref. catastral 6411327NJ6261S0001SG), con suxección as seguintes condicións:

- a) Axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 22/11/2017 (Exp.- 26/2017).
- b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra visado polo colexio oficial correspondente en data 04/11/2019, e demais documentación presentada aos efectos.

**SEGUNDO:** Proponer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

**TERCEIRO:** Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala ao interesado.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**PROPOSTA SEGUNDA.-** EXP. LPO-11/2020 (...=

**PRIMEIRO:** Outorgar a \*\*\*\*ar Mar\*\*\*\*ez \*\*\*\*ela (\*\*.7\*\*.360-\*), licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita no Camiño da Vertente núm. 70 – San Xiao (Ref. catastral 8404102NJ6280S0001MY), con suxección as seguintes condicións:

- a) Axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 21/06/2018 (Exp.- 17/2018).
- b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra visado polo colexio oficial correspondente en data 07/08/2020, e demais documentación presentada aos efectos.

**SEGUNDO:** Proponer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

**TERCEIRO:** Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala ao interesado.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DUN PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NA AVDA. SOUTO VIZOSO.-**

(...)

Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto de normalización de fincas sito na Avda. Souto Vizoso (ref. catastrais 6367004NJ6166N0001FK, 6367072NJ6166N0000XJ e 6367003NJ6166N0001TK) promovido por M\*\*\*l V\*\*\*ara \*\*\*ez, \*\*\*onio \*\*\*al \*\*\*ata e \*\*\*cos \*\*\*gara \*\*\*\*odeguas, e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Manuel Fidalgo Couce o 09.07.2020 e presentado na sede electrónica o 16.07.2020, e anexo asinado o 27.08.2020, presentado no rexistro de entrada o 31.08.2020, no que se contemplan as seguintes fincas:



-Finca normalizada 1 (propiedade de \*\*\*cos \*\*\*gara \*\*\*\*odeguas): 942,83 m<sup>2</sup> (sup. neta posto que foi realizada xa a cesión a viais o 26.12.2018- C-18/2018) que linda ao norte coa Avda. Souto Vizoso, ao sur e ao leste con \*\*\*onio \*\*\*al \*\*\*ata - finca normalizada 2, e ao oeste con camiño.

-Finca normalizada 2 (propiedade de \*\*\*onio \*\*\*al \*\*\*ata): 3674,76 m<sup>2</sup> (sup. bruta), que linda ao norte coa Avda. Souto Vizoso, ao sur fincas de ref. catastral 6367048NJ6166N0001EK e 6367056NJ6166N0001WK, ao leste con fincas con ref. catastral 6367005NJ6166N0001MK e ref. catastral 6367006NJ6166N0001OK e ao oeste con \*\*\*cos \*\*\*gara \*\*\*\*odeguas (finca normalizada 1) e fincas con ref. catatral 6367060NJ6166N0001AK, 6367057NJ6166N0001AK, e 6367071NJ6166N0001FK, 6367070NJ6166N0000RJ e 6367069NJ6166N0000XJ camiño no medio.

-Cesión a viais a favor do Concello de Narón (cedida según acta asinada no Concello en data 26.12.2018- C-18/2018): 107,00 m<sup>2</sup>, que linda ao norte con Avda. Souto Vizoso, ao sur con camiño e finca normalizada 1, ao leste coa finca normalizada 1, e ao oeste con camiño.

Segundo.- Ratificar a aceptación da superficie de cesión realizada o 26.12.2018 no Concello (C-18/2018), gratuíta e libre de cargas, que se establece no PXOM, e que se recolle no proxecto de normalización de fincas, para a súa incorporación ao Patrimonio municipal.

Terceiro.- Comunicar aos promotores a súa obriga de inscribir no Rexistro da Propiedade a nova configuración física das parcelas recollida no proxecto aprobado, **debendo remitir ao Concello a certificación rexistral relativa á parcela adxudicada a esta Administración en virtude da cesión gratuíta.**

Cuarto.- Comunicar aos promotores a súa obriga de instar do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas, de acordo co proxecto aprobado.

Quinto.- Publicar no BOP o acordo de aprobación definitiva adoptado.

Sexto.- Notificar estes acordos a todos os propietarios afectados.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL (PEL-REACTIVA).**.-Dase conta da seguinte resolución: **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Aceptación da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña correspondente ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL-REACTIVA).*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, M<sup>a</sup> Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte INFORME-PROPOSTA:*

ANTECEDENTES

Por Resolución da Alcaldía , avocando a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, de data 02/10/2020 , documento aupac( SSO14I2J9) se acorda solicitar á Deputación Provincial da Coruña a adhesión ao Fondo de financiamento que facilite aos concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes os recursos necesarios para mitigar o excepcional impacto económico e social derivado da crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.

De acordo coa distribución de financiamento que figura como Anexo I na Resolución nº 2020/24109, publicada no BOP o 12 de agosto de 2020, o cadro de financiamento para o Concello de Narón sería:

Aplicación orzamentaria	Achega Deputación 80%	Achega municipal con cargo á convocatoria NARÓN IMPULSA 20%	Importe total proxecto
2410.47900	457.292,78 €	114.323,20 €	571.615,98 €

Dase conta desta resolución á Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 8 de outubro de 2020 (GOB14I0HC).

No BOP de data 28 de outubro de 2020 se publica a resolución do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente da Deputación Provincial da Coruña, número 2020/32931, pola que se lle concede ao Concello de Narón unha subvención por importe de 457.292,78 €.

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aceptar as subvencións concedidas por outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente .

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación ós seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento (...).

En aplicación do anterior, corresponde á Alcaldesa a avocación da delegación para a aceptación da concesión da subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación e do acto de avocación.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Ordenanza xeral de subvencións transferencias da Deputación Provincial (BOP número 72 de 15/4/2019).
- Normas reguladoras PEL-REACTIVA ( BOP número 123 de 05/08/2020).
- Resolución de modificación das normas reguladoras (BOP número 128 de 12/08/2020).
- Extracto de Resolución (BOP número 132 de 18/08/2020).
- Resolución da Deputación Provincial da Coruña C. Expediente 202000021805 pola que se considera cumprimentado o trámite de autorización da Xunta de Galicia para o exercicio legal da competencia establecida no marco do artigo 7.4 da LBRL, para a Deputación da Coruña e os concellos que soliciten a súa adhesión ao PEL-REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña.
- Publicación BOP nº 181 de 28/10/2020 de Resolución na que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da Provincia da Coruña (PEL-Reactiva)
- Bases de execución do orzamento en vigor.

**POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, PROPON A ALCALDÍA QUE RESOLVA:**

1º-Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aceptar a subvención concedida correspondente ao fondo de financiamento que facilite aos concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes os recursos necesarios para mitigar o excepcional impacto económico e social derivado da crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 , convocada pola Deputación Provincial da Coruña.

2º.- Aceptar a subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña, por importe de 457.292,78 €.

3º.- A achega municipal é de 114.323,20 €, crédito destinado á convocatoria de subvencións do programa Narón Impulsa, publicada no BOP de 12 de maio de 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.47900, código de proxecto 2020.5.00000.18, operación contable A=220200005521, polo que non será necesaria nova achega municipal.

O cadro de financiamento queda do seguinte xeito:

Aplicación	Achega Deputación	Achega municipal con cargo á	Importe total proxecto
------------	-------------------	------------------------------	------------------------



orçamentaria	80%	convocatoria NARÓN IMPULSA 20%	
2410.47900	457.292,78 €	114.323,20 €	571.615,98 €

4º.- Iniciar o correspondente expediente de modificación de créditos por xeración por importe de 457.292,78 €.

5º.- Delegar en Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta do concello de Narón, a representación coa Deputación Provincial da Coruña, para efectuar todos os procedementos e trámites necesarios, no referente ao referenciado Fondo de financiamento

6º.- Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local.”

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal con data 29-10-2020 (ICO14I0EL), o documento SSO14I2RL do expediente SSO/452/2020 (código proxecto 2020.3.00000.52), esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

Asinado dixitalmente por:  
A alcaldesa-presidenta  
Marián Ferreiro Díaz  
30/10/2020

Ante min, (dou fe da identidade do asinante)  
Asinado dixitalmente por:  
O secretario xeral  
Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.  
30/10/2020

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

## **5 .- PROPOSTA DE APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DAS TAXAS POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE OUTUBRO DE 2020.-**

(...)

**Primeiro:** Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de outubro de 2020, cun total de 236 contribuíntes e por importe de 22.744,66 €.

**Segundo:** Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de Libre Concorrencia, do mes de outubro de 2020, cun total de 1 contribuínte e por importe de 55,62 €.

**Terceiro:** Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do R XR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 20/11/2020 ata o 20/01/2021, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Cuarto:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía deste Concello.

**Quinto:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Sexto:** Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuran correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes o día 20/11/2020.

**Sétimo.-** Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, planta 4º do Concello ata o 18/01/2021, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

**Días de ingreso:** días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>

Ademais os contribuíntes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE APROBACION DO PADRON FISCAL DA TAXA POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE OUTUBRO DE 2020.- (...)**

**Primeiro.-** Aprobar o do padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (envellecemento activo) do mes de outubro de 2020, cun total de 112 contribuíntes e por importe de 684,32 €.

**Segundo:** De acordo co disposto no artigo 75 da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección, os padróns serán expostos ao público durante un prazo de 15 DÍAS, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e artigo 24 do RXR.



O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 20/11/2020 ata o 20/01/2021, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido este prazo, procederá a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Terceiro:** Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar os padróns e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

**Cuarto:** Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Quinto:** Os recibos correspondentes a estas cobranzas que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes o día 20/11/2020.

**Sexto:** Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, planta 4ª do Concello, ata o 18/01/2021, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

**Días de ingreso:** días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

Ademais, os contribuíntes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **7º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIAN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI